

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá,
Matemáticas, Lingua Galega, Educación Plástica, Valores Sociais e
Cívicos.

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe refléxanse da seguinte maneira:

- De repaso e reforzo de cor azul.
- De ampliación de cor verde.

Ciencias da Natureza

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1. Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.

B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.2. Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.
--	--

Ciencias Sociais

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	CSB3.4.1. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
B4.2. Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e	CSB4.2.1. Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou

Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.	acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.
---	---

Lingua castelá	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
B3.6. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar

gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción. LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. LCB4.2.2. Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra

	na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

Lingua galega	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego,	LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.

adaptados á súa idade e aos seus intereses.	
B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.10.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias.
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.
B3.5. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.5.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos,	LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e

antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.	formando familias de palabras.
B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

Educación plástica

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

Valores sociais e cívicos

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>O procedemento para a recollida de información, de forma sistematizada e obxectiva, sobre a consecución dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe será mediante a observación e análise das actividades entregadas por parte do alumnado.</p> <p>Os instrumentos físicos para levar a cabo o procedemento de observación e análise serán a través das actividades de repaso, reforzo e ampliación realizadas en Edmodo e nos cadernos do alumnado, os traballos individuais, as escalas de observación, as listas de control e as rúbricas.</p>
Cualificación final e do terceiro trimestre	<p>A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.</p> <p>Os referentes da avaliación para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos do terceiro trimestre serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran no punto 1 da adaptación da programación didáctica.</p> <p>Ademais, na avaliación terase en conta a actitude, o esforzo e a participación diaria do alumnado, a presentación das tarefas e o dominio dos contidos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades

Ciencias Naturais

- Choiva de pregunta-resposta acerca da unidade correspondente mediante un foro online.
- Investigación en enciclopedias ou en internet dun animal doméstico ou salvaxe para unha exposición.
- Xogo de pasapalabra, sopas de letras, encrucillados, exercicios de completar ou unir para repasar vocabulario propio da materia.
- Elaboración de esquemas, mapas conceptuais ou cadros que resuman a unidade.
- Visualización de vídeos relacionados cos contidos da unidade correspondente.
- Elaboración de experimentos relacionados coa masa e volume da materia ou os cambios de estado.
- Xogos online como a “diana científica.”

Ciencias Sociais

- Foro online de pregunta-resposta sobre a unidade correspondente.
- Elaboración dun traballo de investigación acerca dun aspecto da materia.
- Xogo de pasapalabra, sopas de letras, encrucillados, exercicios de completar ou unir para repasar vocabulario propio da materia.
- Elaboración de esquemas, mapas conceptuais ou cadros que resuman a unidade.
- Visualización de vídeos relacionados cos contidos da unidade correspondente.
- Xogos online.

Lingua Castelá

- Lectura de libros e fragmentos de obras en lingua castelá adecuadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Actividades de comprensión lectora sobre os fragmentos de libros indicados.
- Elaboración de contos ilustrados con debuxos do alumnado.
- Exercicios para repasar o vocabulario, a ortografía e a gramática da unidade como actividades de completar ou unir, encrucillados ou sopa de letras.
- Visualización de vídeos relacionados cos contidos da unidade correspondente.
- Xogos online como “pasapalabra”, “pokeverbos”...

Matemáticas

- Series matemáticas para repasar o cálculo mental e as operacións matemáticas básicas (suma, resta, multiplicación e división).
- Actividades de cálculo matemático.
- Resolución de problemas matemáticos de dúas ou máis operacións a través da lectura dun texto, interpretación de gráficas ou imaxes.
- Vídeos explicativos das tarefas.
- Xogos matemáticos online como “o boom matemático.”

Lingua Galega

- Lectura de libros e fragmentos de obras en lingua galega adecuadas ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Exercicios de comprensión lectora sobre os fragmentos de obras indicadas.
- Redacción de contos acompañados por debuxos.
- Actividades para repasar o vocabulario, a ortografía e a gramática da unidade como sopas de letras, encrucillados e exercicios de completar

	<p>ou unir.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Visualización de vídeos relacionados cos contidos da unidade correspondente. ▪ Xogos online. <p>Educación Plástica</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades para desenvolver a creatividade e a imaxinación do alumnado a través de mandalas, manualidades e obras de arte. ▪ Manualidades para celebrar o Día do Pai, a Pascua, o Día Internacional do Libro, o Día da Nai, o Día das Letras Galegas e o Día Mundial do Medio Ambiente. <p>Valores Sociais e Cívicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades para traballar co alumnado as emocións e os sentimentos que xorden nunha situación de confinamento. ▪ Actividades para reforzar o valor da familia e dos amigos.
<p>Metodoloxía</p>	<p>A metodoloxía que se emprega é a través da plataforma educativa Edmodo, na que todo o alumnado do grupo está conectado, recibe e envía as súas actividades.</p> <p>Cada día da semana propónse traballar unha materia a través de exercicios, vídeos e xogos educativos.</p> <p>A metodoloxía didáctica é comunicativa, inclusiva, activa e participativa.</p> <p>A metodoloxía basease nos principios construtivistas da aprendizaxe, onde o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe. Por iso, a intervención docente apoiase nos seguintes principios pedagóxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✚ Motivación do alumnado a través dun ambiente afectivo na aula virtual. Levamos a cabo un reforzo positivo a través de eloxios, propiciando neles unha sensación de éxito e confianza. ✚ Actividades e xogos lúdicos, na medida do posible, que esperten o

	<p>interese e a participación do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✚ Uso das tecnoloxías da información e da comunicación, xa que favorecen a motivación e a autonomía do alumnado. ✚ Partir da diversidade do alumnado para adaptar a metodoloxía aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. ✚ Levar a cabo unha atención individualizada do alumnado. ✚ Favorecer unha aprendizaxe interactiva que propicie a comunicación e a socialización do alumnado co profesorado e do alumnado entre si. ✚ Potenciar a autonomía do alumnado para que sexa capaz de aprender a aprender. ✚ Asegurar a construción de aprendizaxes significativos, onde o importante é a comprensión, non a memorización. ✚ Promover unha actividade-interactividade por parte do alumnado entre os coñecementos previos e os novos contidos.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Os materiais e recursos utilizados son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ A plataforma educativa Edmodo. ✓ Os blogs do centro. ✓ Fichas de repaso. ✓ Os libros de texto e as libretas do alumnado. ✓ Xogos online. ✓ Vídeos e gravacións de audio. ✓ Procesador de texto. ✓ Carteis e anuncios.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	As canles de información empregadas co alumnado e coas familias do centro son a plataforma educativa Edmodo, os blogs do colexio (Bibliogreta e Sete Lúas) e os boletíns de cualificacións.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.